

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027411	IES de Cacheiras	Teo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Tecnoloxía e Dixitalización	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

O IES de Cacheiras está situado no concello de Teo pertencente a Comarca de Santiago. O instituto conta cun edificio de grandes dimensións que conta con dous Talleres de Tecnoloxía e dúas aulas de Informática.

O contexto familiar máis frecuente é de familias traballadoras de clase media que amosan interese ou implicación no proceso educativo dos seus fillos.

O perfil predominante do alumnado é de perfil socioeconómico familiar medio e baixo con hábitos de estudo pouco afianzados en algúns casos, aínda que o nivel académico medio podémolo cualificar de normal nun centro urbano con algún caso de alumnado con dificultades académicas.

É necesario indicar que a tecnoloxía está presente en todas as actividades humanas: científica, económica, deportiva, social, etcétera, isto é así xa que en tódolos ámbitos existen problemas a resolver e necesidades que satisfacer, e lembremos, que podemos definir a Tecnoloxía, simplemente, como o conxunto de coñecementos científicos, técnicas e recursos que empregamos para resolver estas necesidades.

Xa que nas tarefas que desenvolvemos habitualmente están presentes, e cada vez máis, sistemas tecnolóxicos, máis ou menos complexos, faise necesaria unha formación básica para que os alumnos actúen como consumidores/produtores de tecnoloxía de xeito responsábel, crítico e consciente das vantaxes e inconvenientes que presenta o uso destes sistemas.

Queremos, ademais, preparar e predispoñer aos alumnos para a formación continua, xa que o desenvolvemento da tecnoloxía non se deterá unha vez que teñan finalizada a súa etapa educativa.

Pretendemos que a Área de Tecnoloxía facilite a adquisición duns hábitos intelectuais e dunhas destrezas técnicas que lle permitan ao alumnado identificar situacións problemáticas da vida cotiá e formular, con espírito innovador e creativo, vías posibles de solución e formas de avaliar as súas consecuencias futuras para a sociedade e o medio ambiente.

Ademais queremos aproveitar cualidades propias da área: a inter-disciplinariedade e a posibilidade de emular procesos de resolución de problemas prácticos ligados ao seu contorno; para atraer aos alumnos con maiores dificultades de aprendizaxe a novos métodos de aprendizaxe e a adaptación aos seus coñecementos anteriores e as súas motivacións persoais para conseguir o seu éxito no proceso educativo e acadar as competencias necesarias.

REFERENCIA NORMATIVA

- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, por a que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

No curso 2023/2024 o departamento de Tecnoloxía está composto polos seguintes membros:

Antonio Fuentes Paredes

Juan Sama Díez

Beatriz Lloret Áres

Miguel Fiallega Tojal

Joaquín López de Prado Nistal (Xefe de departamento)

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar e seleccionar a información adecuada proveniente de diversas fontes, de maneira crítica e segura, aplicando procesos de investigación, métodos de análise de produtos e experimentando con ferramentas de simulación, para definir problemas tecnolóxicos e iniciar procesos de creación de solucións a partir da información obtida.	3		2	1-4	4		1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Abordar problemas tecnolóxicos con autonomía e actitude creativa, aplicando coñecementos interdisciplinarios e traballando de forma cooperativa e colaborativa, para deseñar e planificar solucións a un problema ou necesidade de forma eficaz, innovadora e sostible.	1		1-3	3	3-5		1-3	
OBX3 - Aplicar de forma apropiada e segura distintas técnicas e coñecementos interdisciplinarios utilizando operadores, sistemas tecnolóxicos e ferramentas, tendo en conta a planificación e o deseño previo para construír ou fabricar solucións tecnolóxicas e sostibles que dean resposta a necesidades en diferentes contextos.			2-3-5	5	1		3	3
OBX4 - Describir, representar e intercambiar ideas ou solucións a problemas tecnolóxicos ou dixitais, utilizando medios de representación, simboloxía e vocabulario axeitados, así como os instrumentos e os recursos dispoñibles, e valorando a utilidade das ferramentas dixitais para comunicar e difundir información e propostas.	1		4	3				3-4
OBX5 - Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional e incorporando as tecnoloxías emerxentes, para crear solucións a problemas concretos, automatizar procesos e aplicalos en sistemas de control ou en robótica.		2	1-3	5	5		3	
OBX6 - Comprender os fundamentos do funcionamento dos dispositivos e aplicacións habituais da súa contorna dixital de aprendizaxe, analizando os seus compoñentes e funcións e axustándoos ás súas necesidades para facer un uso máis eficiente e seguro destes e para detectar e resolver problemas técnicos sinxelos.		2		2-4-5	4-5			
OBX7 - Facer un uso responsable e ético da tecnoloxía, mostrando interese por un desenvolvemento sostible, identificando as súas repercusións e valorando a contribución das tecnoloxías emerxentes para identificar as achegas e o impacto do desenvolvemento tecnolóxico na sociedade e na contorna.			2-5	4		4		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O proceso tecnolóxico	Dende a prehistoria o ser humano empregou a súa intelixencia para atopar solucións a diferentes problemas que se lle foron presentando, de xeito que poidera satisfacer as súas necesidades. Así pois, a historia da humanidade está asociada á Tecnoloxía ou dito doutro xeito, a tecnoloxía é tan antiga como o ser humano.	4	4	X		
2	Expresión e comunicación gráfica	O proceso tecnolóxico require dunha linguaxe específica que sirva para presentar os obxectos que deseñamos e construímos. Estamos acostumados a ver os obxectos, aparatos, máquinas ou instalacións debuxadas nun soporte de papel que chamamos plano.	18	18	X		
3	Estruturas	Si observas atentamente a túa contorna, comprobarás que estamos rodeados de todo tipo de estruturas. Tanto os seres vivos como o gran número de obxectos que deseñou e creou o ser humano poden entenderse como estruturas, unha máis sinxelas e outras máis complexas: o esqueleto humano, o tronco dunha árbore, unha ponte, unha torre ou unha edificación calquera.	15	16	X		
4	Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe	Un futuro sen ordenadores é impensable. Na actualidade, os ordenadores xa son unha ferramenta esencial na industria, no transporte, na educación, nas comunicacións, no ocio, etc. O seu uso, cada día máis extendido, obríganos a coñecerlos e a formarnos para utilizalos habitualmente.	12	13	X	X	
5	Materiais de uso técnico	Cando deseñemos un obxecto, instalación ou máquina, facémolo coa intención de fabricalo. Sen coñecer os diferentes materiais sería imposible levar a cabo a execución do proceso tecnolóxico e, polo tanto, poder satisfacer as nosas necesidades.	12	12		X	
6	Introdución aos mecanismos	Os mecanismos son inventos que empregamos para reducir o esforzo que hay que realizar en innumerables accións. Os seres humanos utilizaron ao longo de toda a historia, dende as máquinas simples ata os deseños máis sofisticados.	12	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Introdución a electricidade	A electricidade é unha forma de enerxía cómoda e limpa, de uso cotiá na nosa vida diaria. Podese transformar de xeito sinxelo noutras formas de enerxía, por exemplo, en enerxía lumínica, calorífica, mecánica, etc. Situacións simples e cotiás como acender ou apagar unha lámpada, poñer en marcha a lavadora ou empregar o ordenador son posibles grazas a enerxía eléctrica.	12	12			X
8	Programación e robótica	Scratch é un proxecto de software libre creado por un departamento do MIT. Cada vez hai máis aplicacións de robótica móbil para a vida cotiá. Por exemplo, robots que axudan a facer tarefas sinxelas como limpar o chan da casa ou cortar o cespede do xardín.	15	18			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O proceso tecnolóxico	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2.1. - Comprender obxectos tecnolóxicos sinxelos de uso habitual a través da análise de obxectos e sistemas, empregando o método científico e utilizando ferramentas de simulación na construción de coñecemento.	Comprender obxectos tecnolóxicos sinxelos.	PE	90
CA1.3.1. - Recoñecer a influencia da actividade tecnolóxica na sociedade e na sostibilidade ambiental identificando as súas achegas e repercusións e valorando a súa importancia para o desenvolvemento sostible.	Recoñecer a influencia da tecnoloxía na sociedade.		
CA1.4 - Identificar as achegas das tecnoloxías emerxentes ao benestar, á igualdade social e á diminución do impacto ambiental, facendo un uso responsable e ético destas.	Identificar as tecnoloxías emerxentes e a súa influencia na sociedade.		
CA1.2.2. - Examinar obxectos tecnolóxicos sinxelos de uso habitual a través da análise de obxectos e sistemas, empregando o método científico e utilizando ferramentas de simulación na construción de coñecemento.	Examinar obxectos tecnolóxicos sinxelos.	TI	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3.2. - Valorar a influencia da actividade tecnolóxica na sociedade e na sostibilidade ambiental identificando as súas achegas e repercusións e importancia para o desenvolvemento sostible.	Comprender a importancia dun desenvolvemento sostible.		
CA1.2 - Comprender e examinar obxectos tecnolóxicos sinxelos de uso habitual a través da análise de obxectos e sistemas, empregando o método científico e utilizando ferramentas de simulación na construción de coñecemento.		Baleiro	0
CA1.3 - Recoñecer a influencia da actividade tecnolóxica na sociedade e na sostibilidade ambiental identificando as súas achegas e repercusións e valorando a súa importancia para o desenvolvemento sostible.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases. - Estratexias de procura crítica de información durante a investigación e a definición dos problemas expostos. - Análise de produtos e de sistemas tecnolóxicos sinxelos para a construción de coñecemento desde distintos enfoques e ámbitos. - Desenvolvemento tecnolóxico: creatividade, innovación, investigación, obsolescencia e impacto social e ambiental. - Ética e aplicacións das tecnoloxías emerxentes. - Tecnoloxía sostible. Valoración crítica da contribución da tecnoloxía á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).

UD	Título da UD	Duración
2	Expresión e comunicación gráfica	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4.1. - Diseñar mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos, respectando as normas de seguridade e saúde.	Diseñar obxectos e modelos sinxelos a man alzada.	PE	90
CA2.4.2. - Construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos, respectando as normas de seguridade e saúde.	Construción de obxectos sinxelos a través de ferramentas de fabricación dixital.	TI	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Diseñar e construír mediante ferramentas de fabricación dixital obxectos e modelos sinxelos, respectando as normas de seguridade e saúde.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de representación gráfica para deseño de pezas utilizadas nos proxectos. Acoutamento e escalas. - Aplicacións CAD en 2D para a representación de esquemas, circuítos e planos sinxelos. - Iniciación ao deseño 3D. - Introducción á fabricación dixital. Deseño e construción de pezas sinxelas con impresión 3D e/ou corte.

UD	Título da UD	Duración
3	Estruturas	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Idear e deseñar solucións eficaces, innovadoras e sostibles a problemas definidos, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Idear solucións para problemas propostos.	PE	50
CA3.1.5. - Coñecer os conceptos básicos sobre estruturas, para deseñar e fabricar sistemas empregando estruturas, que cumpran unha función determinada resolvendo os problemas propostos.	Coñecer os conceptos básicos sobre estruturas.		
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Describir unha necesidade e buscar información para dar solución a mesma.	TI	50
CA2.2 - Seleccionar, planificar e organizar os materiais e as ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaborativa.	Seleccionar e organizar os materiais axeitados para construír unha solución a un problema proposto.		
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	Fabricar un obxecto sinxelo empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.		
CA3.1.1. - Diseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas sinxelas que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.	Deseñar sistemas empregando estruturas sinxelas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Diseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria. - Uso de materiais tecnolóxicos para a fabricación de obxectos ou modelos nun proxecto tecnolóxico e o seu impacto ambiental. - Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos. - Respecto das normas de seguridade e hixiene. - Estruturas para a construción de modelos. - Deseño de sistemas que incorporen estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto.

UD	Título da UD	Duración
4	Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Facer un uso eficiente e seguro dos dispositivos dixitais de uso cotián na resolución de problemas sinxelos coñecendo os riscos e adoptando medidas de seguridade para a protección de datos e equipos.	Utilizar de xeito eficiente e seguro distintos dispositivos dixitais para resolver problemas.	PE	10
CA5.4 - Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.	Organizar a información de maneira estruturada e segura.		
CA5.1 - Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais, empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa, tanto presencialmente como en remoto.	Elaborar documentos técnicos con ferramentas dixitais, para representar o proceso de creación dun produto. Proporcionar formato axeitado á documentación creada. Empregar vocabulario técnico axeitado.	TI	90
CA5.3 - Crear contidos, elaborar materiais configurando correctamente as ferramentas dixitais habituais da contorna de aprendizaxe, axustándoas ás súas necesidades e respectando os dereitos de autor e a etiqueta dixital.	Crear contidos configurando correctamente as ferramentas dixitais utilizadas. Respectar os dereitos de autor e a etiqueta dixital.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Adoptar medidas preventivas para a protección dos dispositivos, dos datos e da saúde persoal, identificando problemas e riscos relacionados co uso da tecnoloxía e facendo unha análise ética e crítica.	Protexer os dispositivos e datos utilizados no desenvolvemento do taballo. Evitar os riscos para a súa saúde derivados do mal uso da tecnoloxía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario técnico apropiado. - Habilidades básicas de comunicación interpersonal. Pautas de conduta propias da contorna virtual, etiqueta dixital. - Ferramentas dixitais para a elaboración de documentación técnica relativa a proxectos. - Dispositivos dixitais. Elementos do hardware e do software. Identificación e resolución de problemas técnicos sinxelos. - Ferramentas e plataformas de aprendizaxe: configuración, mantemento e uso crítico. - Ferramentas de edición e creación de contidos: instalación, configuración e uso responsable. - Propiedade intelectual e etiqueta dixital. - Técnicas de tratamento, organización e almacenamento seguro da información. Copias de seguridade. - Seguridade na Rede: riscos, ameazas e ataques. - Medidas de protección de datos e información. Benestar dixital: prácticas seguras e riscos (ciberacoso, sextorsión, vulneración da propia imaxe e da intimidade, acceso a contidos inadecuados, adicións...).

UD	Título da UD	Duración
5	Materials de uso técnico	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2.2. - Identificar os materiais para a construción dunha solución a un problema exposto.	Coñecer as propiedades dos materiais.	PE	90
CA2.2.3. - Organizar os materiais e as ferramentas necesarios para a construción dunha solución a un problema exposto.	Saber que materiais e ferramentas empregar en función de cada solución.		
CA2.2.4. - Identificar os materiais e as ferramentas necesarios para a construción dunha solución a un problema exposto.	Seleccionar os materiais e as ferramentas en función das súas propiedades e da solución escolida.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2.1. - Seleccionar os materiais para a construción dunha solución a un problema exposto.	Seleccionar os materiais en función das súas propiedades.	TI	10
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	Fabricar obxectos empregando ferramentas sinxelas.		
CA2.2 - Seleccionar, planificar e organizar os materiais e as ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaborativa.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso de materiais tecnolóxicos para a fabricación de obxectos ou modelos nun proxecto tecnolóxico e o seu impacto ambiental. - Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos. - Respecto das normas de seguridade e hixiene. - Introducción á fabricación dixital. Deseño e construción de pezas sinxelas con impresión 3D e/ou corte.

UD	Título da UD	Duración
6	Introdución aos mecanismos	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Idear e deseñar solucións eficaces, innovadoras e sostibles a problemas definidos, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Idear solucións para problemas propostos.	PE	90
CA2.2 - Seleccionar, planificar e organizar os materiais e as ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaborativa.	Seleccionar e organizar os materiais axeitados para construír unha solución a un problema proposto.		
CA3.1.2. - Deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando mecanismos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.	Deseñar sistemas empregando mecanismos sinxelos.		
CA3.1.4. - Coñecer os operadores mecánicos básicos, para deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando mecanismos, que cumpran unha función determinada resolvendo os problemas propostos.	Coñecer os operadores mecánicos básicos que cumpran unha función determinada resolvendo os problemas propostos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Describir unha necesidade e buscar información para dar solución a mesma.	TI	10
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	Fabricar un obxecto sinxelo empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.		
CA3.1 - Diseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria. - Uso de materiais tecnolóxicos para a fabricación de obxectos ou modelos nun proxecto tecnolóxico e o seu impacto ambiental. - Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos. - Respecto das normas de seguridade e hixiene. - Identificación de sistemas mecánicos básicos de transmisión e transformación do movemento: montaxes físicas e/ou uso de simuladores. - Deseño de sistemas que incorporen estruturas, mecanismos e circuítos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto.

UD	Título da UD	Duración
7	Introdución a electricidade	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Idear e deseñar solucións eficaces, innovadoras e sostibles a problemas definidos, aplicando conceptos, técnicas e procedementos interdisciplinarios, así como criterios de sostibilidade, con actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Idear solucións para problemas propostos.	PE	90
CA2.2 - Seleccionar, planificar e organizar os materiais e as ferramentas, así como as tarefas necesarias para a construción dunha solución a un problema exposto, traballando individualmente ou en grupo de maneira cooperativa e colaborativa.	Seleccionar e organizar os materiais axeitados para construír unha solución a un problema proposto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1.3. - Diseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando circuitos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.	Diseñar sistemas empregando circuitos eléctricos sinxelos.		
CA3.1.6. - Coñecer os operadores eléctricos básicos, para deseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando circuitos eléctricos, que cumpran unha función determinada resolvendo os problemas propostos.	Coñecer os operadores eléctricos básicos.		
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Describir unha necesidade e buscar información para dar solución a mesma.	TI	10
CA2.3 - Fabricar obxectos ou modelos sinxelos empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.	Fabricar un obxecto sinxelo empregando ferramentas e/ou máquinas manuais axeitadas e respectando as normas de seguridade e saúde.		
CA3.1 - Diseñar e fabricar máquinas e sistemas empregando estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos sinxelos que cumpran unha función determinada dentro do sistema resolvendo os problemas propostos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria. - Uso de materiais tecnolóxicos para a fabricación de obxectos ou modelos nun proxecto tecnolóxico e o seu impacto ambiental. - Uso e manipulación de ferramentas básicas. Técnicas de mecanización de materiais na construción de obxectos e prototipos. - Respecto das normas de seguridade e hixiene. - Electricidade básica para a montaxe de circuitos físicos ou simulados. Montaxe e/ou simulación de circuitos sinxelos con operadores eléctricos: xeradores, elementos de manobra ou control e receptores. Compoñentes básicos e simboloxía. - Deseño de sistemas que incorporen estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos sinxelos para a resolución de problemas técnicos. Interpretación, deseño e aplicación en proxecto.

UD	Título da UD	Duración
8	Programación e robótica	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2.1. - Coñecer os elementos básicos dun sistema de control ou robot, para montar sistemas de control e/ou robots sinxelos para a resolución dos problemas propostos.	Coñecer os elementos básicos dun sistema de control ou robot.	PE	20
CA3.2.2. - Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos.	Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos.	TI	80
CA4.1 - Describir, interpretar e deseñar solucións a problemas informáticos a través de algoritmos e diagramas de fluxo, aplicando os elementos e as técnicas de programación de maneira creativa.	Interpretar algoritmos sinxelos. Dar solución a problemas sinxelos a través de algoritmos.		
CA4.2 - Programar aplicacións sinxelas empregando os elementos de programación de maneira apropiada e aplicando ferramentas de edición.	Programar aplicacións sinxelas.		
CA4.3 - Automatizar procesos, máquinas e obxectos sinxelos, mediante a análise e a programación de robots e sistemas de control.	Automatizar procesos sinxelos mediante a programación.	Baleiro	0
CA3.2 - Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Compoñentes básicos e funcionamento dun sistema de control ou robot sinxelo: sensores, actuadores e controladores. - Montaxe de sistemas de control ou robots sinxelos para a resolución de problemas técnicos. - Algorítmica e diagramas de fluxo. - Aplicacións informáticas sinxelas para ordenador. - Sistemas de control programado: uso de simuladores e programación sinxela de dispositivos. - Fundamentos da robótica: control programado de robots sinxelos de maneira física ou por medio de simuladores. - Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Tecnoloxía debe fomentar a adquisición duns hábitos intelectuais e o desenrolo dunhas destrezas técnicas que lle permitan ao alumnado identificar situacións problemáticas da vida cotiá e formular, con espírito innovador e creativo, posibles vías de solución e formas de avaliar as súas consecuencias. Esta dualidade do saber e do facer articula un binomio coñecemento-acción cun peso equivalente.

Deste xeito, os contidos conceptuais desenvolveranse fundamentalmente motivando a reflexión e o debate para a asimilación dos conceptos máis importantes, traballando sobre exemplos próximos aos alumnos que lles resulten de fácil comprensión, facendo menos fincapé nos aspectos formais.

Antes de comezar a realizar as actividades de cada unidade didáctica, os alumnos terán que coñecer unha serie de conceptos que o/a profesor/a expoñerá de forma sinxela. Posteriormente, poderá exemplificalo de forma práctica, ben coa análise de obxectos técnicos reais.

Unha vez acadado un dominio máis amplo da unidade didáctica xa poderán enfrontarse á resolución dalgúns problemas sinxelos. Intentarase, logo, que sexan os alumnos os que busquen a solución a un problema e introducíranse novos métodos didácticos que permitan unha maior motivación e creatividade pola súa parte. Chegados a este punto, podemos supoñer que xa acadaron uns coñecementos mínimos que lles permitan iniciar unha actividade, participar na formulación do problema e ir elaborando conclusións coa axuda do/a profesor/a.

No entanto, o que en realidade pretendemos é que o alumnado vaia realizando a súa aprendizaxe seguindo un proceso intuitivo: chegar ao estudo dos conceptos teóricos abstractos a través da realización de actividades prácticas de análise ou de deseño de obxectos e sistemas. Con estas actividades os alumnos adquiren maior autonomía e seguridade na súa capacidade para resolver problemas e o papel do/a profesor/a vaise reducindo.

Con este método comezaríamos distribuindo aos alumnos en grupos pequenos (3/4) e o/a profesor/a formularía o problema ou necesidade a resolver. A continuación, os alumnos e alumnas buscarían información sobre este (preguntas ao profesor/a, libros, internet, etc) e mediante o debate en grupo propoñerían posibles solucións. Xa concretado o proceso a seguir, elaborarán os documentos necesarios para a posterior construción.

Ao profesor corresponderalle a tarefa de definir a finalidade do proxecto e as súas características xerais sen que esta guía presupoña a determinación da solución. Só axudará e orientará. O alumno tomará decisións en aspectos complementarios como a forma, dimensións, cor, material empregado e realizará o proxecto de xeito persoal e creativo.

De todos os xeitos, resulta indispensable que as intervencións do/a profesor/a se axusten ao nivel que presenta cada alumno/a neste aprendizaxe, sobre todo, cando exista alumnado con discapacidades (como é neste caso). Eles e elas son, en último termo, quen constrúe o seu proceso de aprendizaxe pero pode ocorrer que, neste curso, sen axuda non sexan capaces de relacionar os coñecementos previos que vaian asimilando sobre o tema coa tarefa que se lles propón, xa que é o primeiro ano que se relacionan con esta área.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula-Taller de Tecnoloxía.
Aula de Informática.
Canon proxeutor e ordenador para o docente.
Ordenadores con conexión a internet. Un ordenador por alumna/o.
Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática...) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre.
Aula EDIXGAL - Un ordenador persoal por alumna/o
Libros de texto que serán empregados como material auxiliar.
Materiais para a fabricación, tratando de potenciar a reutilización.
Operadores e compoñentes eléctricos e electrónicos.
Dispositivos de robótica.
Dispositivos de fabricación dixital: impresoras 3D.
Ferramentas manuais e eléctricas propias do taller de tecnoloxía.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para realizar unha adecuada labor educativa compre dispor de información dos alumnos de cada un dos grupos, relativa aos coñecementos previos adquiridos, para así detectar necesidades educativas específicas e poder aplicar as medidas necesarias tanto a nivel individual como colectivo.

Como é a primeira vez que cursan esta materia, realizarase un cuestionario acerca das competencias adquiridas en primaria relacionadas coa tecnoloxía e dixitalización coa fin de obter información sobre posibles problemas que se poidan presentar de forma individual ou colectiva. Ademais tamén se poden realizar preguntas orais sobre diferentes contidos, co fin de obter a maior información posible sobre os coñecementos previos dos alumnos do grupo e poder detectar posibles necesidades educativas. Tamén se terá en conta a información sobre posibles dificultades individuais ou colectivas que facilite o titor/a e/ou o departamento de Orientación.

Esta diagnose inicial terá por obxecto adecuar as novas aprendizaxes aos coñecementos previos do alumnado, para así facilitar unha progresión axeitada no seu proceso de aprendizaxe, xa que vai permitir tomar decisións ante as dificultades atopadas, establecendo as medidas apropiadas, entre as que cabe salientar:

- Actividades de reforzo
- Atención individualizada na realización de prácticas tanto no ordenador coma no taller.
- Subministración de material de apoio na aula .
- Ampliación de tempo na realización de probas.
- Apoios en pequeno grupo.
- Realización de tarefas en grupo.
- Adaptación curricular intensiva de ser o caso.

Estas medidas serán aplicadas no marco da metodoloxía descrita nesta programación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	4	18	15	12	12	12	12	15	100
Proba escrita	90	90	50	10	90	90	90	20	64
Táboa de indicadores	10	10	50	90	10	10	10	80	36

Criterios de cualificación:

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN POR UNIDADES DIDÁCTICAS

UD 1. O PROCESO TECNOLÓXICO

Procedemento de Avaliación: proba escrita obxectiva. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso total na UD: 90% Criterios de avaliación avaliados CA1.2.1, CA1.3.1 e CA1.4

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase . Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 10% Criterios de avaliación avaliados: CA1.2.2 e CA1.3.2.

UD 2. EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN GRÁFICA

Procedemento de Avaliación: proba escrita obxectiva. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD:

90% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.4.1

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 5% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.4.2

UD 3. ESTRUTURAS

Procedemento de Avaliación: proba escrita obxectiva. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 50% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.1, CA2.2 e CA3.1.5.

Procedemento de Avaliación: proxecto técnico. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 40% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.2 e CA3.1.1.

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 10% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.1 e CA2.3.

UD 4. DIXITALIZACIÓN DA CONTORNA PERSOAL DE APRENDIZAXE

Procedemento de Avaliación: proba escrita obxectiva. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 10% Criterios de Avaliación Avaliados: CA5.2 e CA5.4

Procedemento de Avaliación: creación e comunicación de documentación técnica. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 70% Criterios de Avaliación Avaliados: CA5.1, CA5.3

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase . Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 20% Criterios de Avaliación Avaliados: CA5.5.

UD 5. MATERIAIS DE USO TÉCNICO

Procedemento de Avaliación: proba escrita obxectiva. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 90% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.2.2, CA2.2.3 e CA2.2.

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase . Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 10% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.2.1 e CA2.3.

UD 6. INTRODUCCIÓN AOS MECANISMOS

Procedemento de Avaliación: proba escrita obxectiva. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 90% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.1, CA2.2, CA3.1.2 e CA3.2.4.

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 10% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.1 e CA2.3.

UD 7. INTRODUCCIÓN A ELECTRICIDADE

Procedemento de Avaliación: proba escrita obxectiva. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 90% Criterios de Avaliación Avaliados: CA2.1, CA2.2, CA3.1.3 e CA3.2.6.

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 10% Criterios de Avaliación Avaliados: CA1.1 e CA2.3.

UD 8. PROGRAMACIÓN E ROBÓTICA

Procedemento de Avaliación: proba escrita obxectiva. Instrumento de Avaliación: proba escrita. Peso no total da UD: 20% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.2.1

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase e proxecto técnico. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total da UD: 80% Criterios de Avaliación Avaliados: CA3.2.2, CA4.1, CA4.2 e CA4.3.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

A cualificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións obtidas en cada unha das tres avaliacións realizadas durante o curso. A ponderación establecerase en base ás unidades didácticas traballadas en cada unha delas.

Criterios de recuperación:

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

Ao remate de cada avaliación, realizarase unha proba de recuperación. A realización desta proba será obrigatoria para o alumnado que obteña unha cualificación inferior ao 50% na cualificación da avaliación. A cualificación final das probas escritas de cada avaliación corresponderá á maior das obtidas en cada unha das oportunidades.

Para o caso da 3ª avaliación, a proba de recuperación realizarase coa antelación necesaria con respecto a data da avaliación ordinaria, de forma que o alumnado, unha vez feita e se fose necesario, poida realizar unha proba final de recuperación das avaliacións suspensas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao comezo do curso informárase aos/as alumnos/as pendentes que teña nas súas clases da forma de recuperalas.

Criterios e procedementos para a cualificación das materias pendentes:

- Os alumnos con materias pendentes deberán realizar unha serie de actividades que estarán colgadas na Aula Virtual especificamente creada para tal fin e da cal se lles informará con antelación. Estes tarefas deberanse entregar feitas nos prazos establecidos. Non se recollerá ningún traballo que sexa entregado fóra de prazo, agás que existan causas debidamente xustificadas.

- De non ter realizadas as actividades no prazo establecido ou telas realizadas dun xeito inadecuado o alumnado poderá superar a materia a través dunha proba escrita que se realizará antes do final da terceira avaliación (Maio de 2024). A cualificación acadada na mesma suporá o 100% da nota final e terá que ser superior ao 5 para dar por superada a materia.

6. Medidas de atención á diversidade

Seguiranse, sempre que sexa posible, os aspectos que se reflicten nos protocolos publicados pola Consellería de Educación no portal Educonvives.gal e estarase en estreita colaboración co departamento de Orientación.

Tendo en conta que os grupos son heteroxéneos, polo que presentan cada un deles diferentes niveis de coñecementos, interese, capacidades, etc., nas programacións de aula poderanse introducir adaptacións curriculares personalizadas en colaboración, no seu caso, co Departamento de Orientación, tendo en conta as características xerais de cada un dos alumnos, sen perder de vista os obxectivos que se pretenden conseguir na área.

O tratamento á diversidade traballarase propoñendo, desde o departamento, distintas medidas de atención e estratexias metodolóxicas orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias clave e dos obxectivos. A continuación explícanse algunhas medidas de atención que se levarán a cabo na aula:

- Unha das mellores estratexias para a integración do alumnado con necesidades educativas especiais ou con determinados problemas de aprendizaxe, é implicalos nas mesmas tarefas que o resto do grupo, con distintos niveis de apoio e esixencia. Este tratamento ofrece a posibilidade de retomar un contido non asimilado nun momento

posterior de traballo, co que se evita a paralización do proceso de aprendizaxe do devandito sector do alumnado, con exercicios repetitivos que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación.

- A posibilidade de distinto nivel de afondamento en moitas das actividades propostas, permitirá atender demandas de carácter máis profundo por parte daqueles alumnos con niveis de partida máis avanzados ou con interese maior sobre o tema estudado.

- As distintas actividades que se propoñen nos distintos bloques de contidos intentan conectar cos coñecementos que o alumnado adquiriu con anterioridade. Adóitase comezar realizando un repaso dos coñecementos básicos tratados nos cursos anteriores ou comprobando os coñecementos previos que teñen os alumnos sobre un bloque de contidos cuxo análise vaise efectuar por primeira vez. Isto permite ao profesorado establecer dun xeito continuo e dentro deste proceso, a base de todos os contidos necesarios para aqueles alumnos con deficiencias.

- De igual forma, e mantendo esta mesma progresión, os exercicios van aumentando paulatinamente o seu nivel de dificultade, para cubrir as necesidades daqueles alumnos que demandan un maior afondamento dos contidos, ben polo nivel de partida dos mesmos, ou polo interese que estes mostran polo tema en concreto. Desta forma ínstaselles a unha investigación que lles permita profundar en determinadas cuestións.

- O emprego das novas tecnoloxías, a manipulación e a análise de obxectos, o deseño, a construción e aplicación de saberes para a realización dos diferentes proxectos, etc., permite un intercambio de saberes con outros compañeiros, de forma que o alumno, e se é necesario co apoio do profesor, é capaz de seguir e progresar naquelas materias onde os seus conceptos previos sexan insuficientes.

- A proposta de distintas actividades individuais, partindo dos recursos dispoñibles e a través das novas tecnoloxías, operadores que se analizan en cada unidade,..., permite que os alumnos descubran dun xeito progresivo e mediante experiencias individuais ou colectivas, os contidos fundamentais que se traballan en cada unha das unidades. Estas actividades terán unha orde crecente de dificultade, polo que ha de ser o profesor que coñece aos seus alumnos e as necesidades educativas destes, o que organice, seleccione e distribúa as mesmas, en función dos obxectivos expostos e dos niveis de partida destes.

De calquera forma, a atención á diversidade dependerá das características propias do alumnado, polo que o profesorado desta materia, xunto co Departamento de Orientación, serán os que finalmente terán que realizar unha adaptación totalmente individualizada ás necesidades concretas que xurdan en cada caso.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X			X				
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	X	X		X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X		X			X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X		X	X		X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional en valores			X	X		X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero			X	X		X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde	X			X	X			

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.11 - Formación estética		X	X			X	X	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable.	X		X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Non se contemplan neste curso	Non aplica	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
Metodoloxía empregada
Fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
Poténcianse estratexias de animación á lectura.
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.

Medidas de atención á diversidade
Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica....
Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma.
Outros
Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións.

Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios na aula virtual do centro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

En cada avaliación realízase unha análise do desenvolvemento da programación e dos resultados acadados polo alumnado na adquisición das capacidades, e se fose necesario farase unha revisión da mesma adaptándoa ás características e necesidade do alumnado.

A programación vai ser avaliada ao longo de curso mediante a observación da resposta, resultados e o interese amosado polo alumnado sobre as distintas actividades e metodoloxías levadas a cabo. Tomarase nota das actividades que mellor funcionan para mantelas no vindeiro curso e das que non para suprimilas ou modificalas segundo o caso.

9. Outros apartados